

Decreto n.º 238 da S. S<sup>a</sup> o alcalde, don Agustín Baamonde Díaz, de data 19 de setembro de 2018. Expte. n.º 3.759.

**APROBACIÓN DE BASES PARA A CONTRATACIÓN URXENTE DE 6 PEÓNIS DE OBRAS PÚBLICAS VINCULADAS Ó PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN DA EXCMA. DIPUTACIÓN DE LUGO COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO "PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2018" CON UNA FINANCIACIÓN TOTAL DE 148.201,47 euros. Expte 3.759/2018.**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Vistas as bases reguladoras do PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018, da Deputación Provincial de Lugo, publicadas no B.O.P. n.º 51 de data 3/03/2018.

Vista a memoria xustificativa de personal a contratar polo Concello de Vilalba a través do plan Único da Deputación Provincial de Lugo redactada polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, co visto bo do Alcalde, na que se prevé a contratación de **6 peóns de obras públicas** a xornada a tempo parcial do 75%, **1 diplomado en turismo** para a Oficina de Turismo do Concello, **1 administrativo-informático**, e **1 diplomado en xeral**, estes dous últimos para servizos municipais do Concello, e todos eles a xornada a tempo completo, ascendendo os custes das referidas contratacións á cantidade de **148.201,47€**.

Vista a comunicación da Diputación de Lugo ó Concello de Vilalba con data de rexistro de saída de 15 de xuño de 2018 mediante a cal se notifica a aprobación do **Plan Provincial Único da Deputación Provincial de Lugo cos concellos 2018**.

De acordo coas facultades conferidas polo art. 21.1 da Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local e de conformidade co establecido en la Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas lei 39/2015.

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Avocar a **competencia unicamente para resolver o asunto a que se refire este decreto**, a cual fue delegada, na Xunta de Goberno Local por **Decreto N.º 134 anteriormente dictado con data 17/11/2016**.

**Segundo:** Aprobar as bases de contratación urxente de **6 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE VILALBA (LUGO)**.

**“BASES PARA A CONTRATACIÓN URXENTE DE 6 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS VINCULADAS Ó PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN DA EXCMA. DIPUTACIÓN DE LUGO COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO “PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2018” CUNHA FINANCIACIÓN TOTAL DE 148.201,47 euros. Expte 3.759/2018**

**1º.- Obxecto da convocatoria:**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, de **6 peóns de obras públicas** para formar parte do Servizo municipal de obras, durante **doce meses a xornada dun 75%**, para a realización de obras de interese xeral e utilidade social competencia desta entidade local, vinculados ó convenio de colaboración coa Excma. Deputación de Lugo a través do Plan Único, e especificamente o “Programa de Fomento do Emprego 2018”.

**2º.- Tipo e duración do contrato:**

Os contratos serán de traballo temporal coa cláusula específica de traballos de interese social de duración determinada de **12 meses**.

A xornada laboral será a tempo parcial do 75% da xornada total; o horario será establecido polo coordinador do servizo, coa autorización do alcalde-presidente.

**3º.- Retribucións:**

As retribucións íntegras mensuais dos peóns serán as seguintes:

Soldo: 638,69 €

P. Asistencia: 123,44 €

P. Extrasalarial: 68,62 €

Vacacións: 911,07 €

En aplicación do convenio colectivo de traballo para a actividade de “Edificación e Obras Públicas” da Provincia de Lugo (BOP Nº 127, de 5/06/2018).

**4º.- Requisitos dos aspirantes:**

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

1.- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional de outros Estados, conforme aos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico no caso de ser seleccionado.

3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

4.- Declaración responsable de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.

5.- Declaración responsable de non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade có disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6.- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

#### **5º.- Órgano de Selección:**

A selección será realizada polo seguinte persoal do Concello de Vilalba: A responsable do Centro de Información á Muller de Vilalba, o Aparellador Municipal D. José Luis Lozano Prado, e o Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, D. Gonzalo Hermida Carreira, que actuarán de conformidade cos principios e publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Como suplentes estarán D. Justo Portela Fernández, Arquitecto municipal, e D. Faustino Díaz Lamas, encargado do servizo municipal de obras.

#### **6º.- Selección de aspirantes:**

Os aspirantes preseleccionados para participar no proceso selectivo, polo Servizo Público de Emprego, poderán ser notificados tanto pola Oficina de emprego de Vilalba, como polo Concello; e aqueles que desexen continuar no proceso, presentaranse no Concello de Vilalba, o día que se lles notifique.

De conformidade co artigo 83.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fíxase como medio de comunicación das publicacións que se deriven dos actos integrantes deste procedemento selectivo a exposición no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica do concello <http://vilalba.sedelectronica.es/info>.

#### **7º.- Selección:**

A selección realizarase de conformidade có previsto nas presentes bases polo sistema de **Valoración de méritos + Entrevista según o seguinte baremo:**

##### **1.- EXPERIENCIA LABORAL** (Máximo 5 puntos).

0,5 puntos por ano de traballo en postos directamente relacionados co posto de traballo (peón de obras públicas ou similar) en concellos ou en empresas.

Acreditarase con informe de vida laboral e copia de contratos de traballo.

##### **2.- MULLERES** .....1 punto.

### **3.- IDADE**

- 18 - 29 anos ..... 1 punto.
- 30 - 44 anos .. .... 2 puntos.
- 45 anos ou máis.... 4 puntos.

**4.- DISCAPACIDADE.....** minusvalía > 33 % ..... 1 punto.

### **5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGÚN VIDA LABORAL)**

- Menos de 12 meses ..... 1 punto.
  - Mais de 12 meses... .... 2 puntos.
  - Mais de 18 meses... .... 4 puntos.
- Acreditarase con informe de vida laboral actualizado.

### **6.- ENTREVISTA PERSONAL** (máximo 5 puntos)

Valorarase a dispoñibilidade para o traballo, e adaptación ó mesmo.

### **7º.- Procedemento de selección:**

Non se seleccionarán máis candidatos que prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados elaborárase unha relación de reservas, por orden á puntuación conseguida, por si fose preciso cubrir as posibles baixas ou renuncias dos seleccionados, so válida para esta campaña.

### **9º.- Formalización dos contratos:**

A proposta da comisión de selección elevarase ó órgano de contratación, para a resolución do expediente de selección.

O contrato formalizarase cos aspirantes seleccionados en aplicación da lexislación laboral vixente.

### **10º.- Dereito supletorio:**

No non previsto nestas bases acudirase ao disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, no disposto no Estatuto Básico do Empregado Público no que sexa de aplicación ao persoal laboral, no disposto no Estatuto dos Traballadores RDL 1/95 de 24 de marzo, no disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real Decreto Lei 8/1997, del 16 de maio de Medidas urxentes para a Mellora do Mercado de Traballo e no Fomento da Contratación Indefinida, e demais lexislación en materia laboral.

### **11º.- Norma final:**

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ó departamento municipal correspondente para a súa tramitación.

Mándao e asíno S. S<sup>a</sup> o Alcalde, do que eu Secretaria, Ana María Rubiera Álvarez, dou fe.